



# BANDO



No vindeiro mes de setembro ábrese o prazo para a presentación de solicitudes para a axuda da compra de libros e material para escolares que cursen segundo ciclo de Educación Infantil dentro da provincia, establecéndose en **145 €** á máxima cuantía a subvencionar.

## REQUISITOS XERAIS:

- . Estar empadroados no Concello de San Cibrao das Viñas polo menos o pai, nai ou titor do neno cunha antigüidade dun ano á data convocatoria da axuda.
- . Ter presentadas as solicitudes e a documentación requirida.
- . R.P.C. anual das familias ás que se lle conceda a axuda, non poderá exceder duns ingresos netos de 7.200 € por membro familiar ao ano.
- . Estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e da Seguridade Social, así como dos impostos municipais, o pago destes últimos será comprobado de oficio polo Concello .

A instancia presentárase preferiblemente por vía electrónica na súa sede <http://sancibrao.sedelectronica.es> ou de forma presencial no Concello e, **entre outra documentación** que se xuntará á solicitude, será obrigatoria entregar:

- Factura orixinal detallada da compra e titular da mesma, pai/nai ou titor do solicitante.
- Certificado ou informe do centro onde o alumno/a realice estudos no que se especifique o curso onde está matriculado.
- Listado de libros e material escolar indicado polo colexio.
- Copia do D.N.I./N.I.E. en vigor, do solicitante, e copia do Libro de familia, ou outra documentación xustificativa da situación familiar, de ser o caso.
- Certificado de convivencia.
- Xustificación de ingresos familiar.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN: ATA O VINDEIRO 29 DE SETEMBRO**

